




## 1. EMPRAZAMENTO




### DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Vigo. Municipio: Cangas. Parroquias: Santa María de Darbo na súa maior parte, e San Cibrán de Aldán no extremo norte. Extensión: 2,95 km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Fronte costeira de trazado irregular que presenta no seu extremo oriental unha alternancia de puntas e calas que encerran pequenas praias de area e no resto tramos acantilados rochosos de potencia variable. Cara ao interior desenvólvese a cunca do Río Postillón que forma unha paisaxe aplanada ou de suave pendente no que sobresaen unha serie de elevacións de cumio redondeado a xeito de relevos residuais, como os altos de Outeiro da Raposa ou Pico Garita, configurando unha paisaxe característica do modelado granítico.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade caracterízase pola súa composición ígnea, distinguíndose entre o dominio dos granitos de afinidade alcalina cara ao interior, e os granitoides de afinidade calcoalcalina na liña de costa. No primeiro caso trátase de granitos de feldespato alcalino que se localizan ao redor da poboación de Darbo. Entre os granitoides de afinidade calcoalcalina pode diferenciarse a franxa noroccidental da unidade, correspondente ás granodioritas con megacristais feldespáticos; e os granitos e granodioritas biotíticos das inmediacións das Puntas Borneira e Balea.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático Cálido e Húmido caracterizado por valores medios de temperatura superiores a 15° C ao ano e precipitación media anual acumulada entre 1200 mm e 1400 mm. A oscilación térmica varía entre 12,5°C e 13,5°C. Lixeiro incremento das precipitacións na liña de cumios da unidade (Montes de Varalonga e Pico Garita) onde se define un ambiente climático Moi Húmido con valores entre 1400 mm e 1600 mm ao ano.

#### OS SOLOS

Vertente costeira que na súa parte baixa caracterízase pola escasa pendente que permite a formación de solos do tipo umbrisol dístrico aínda que a intensa modificación do espazo pola presión urbanística dá lugar á transformación dos solos orixinais, aumentando a superficie ocupada polos antroposoles. Cara á cabeceira do val do Río Postillón, os solos alcanzan menos espesor e desenvolvemento polo incremento progresivo da pendente, o que se traduce no predominio de regosoles e leptosoles líticos sobre todo no alto do Pico Garita. No tramo de costa localízanse enclaves de arenosoles asociados aos sedimentos cuaternarios das praias.

#### AS AUGAS

O río de Postillón percorre a chaira costeira de Darbo para desembocar nas Augas Costeiras de Cangas (20157) a través da Enseada do Rei. Este leito aliméntase da rede hidrográfica formada polas augas de escorrentía da Serra do Nacente e o Pico Garita, ao norte da unidade.

#### O PATRIMONIO NATURAL

De Punta Borneira ao O. pertence ao IBA Contorno mariño das Rías Baixas. Dominio acantilado baixo, con sucesión de areas no sector entre Puntas Borneira e Cabo Balea. Aparecen os hábitats 1230, cantís mariños atlánticos e 1210, vexetación anual sobre escouras mariñas acumuladas, tanto en praias de coios como de area. Algunha furna achega o 8330 de furnas mariñas mergulladas e semimergulladas. Aínda que bastante degradadas, en áreas de afloramentos rochosos e puntas, como as zonas As barreiras-Punta Fanequeira e Outeiro-Balea, aparecen matogueiras próximas aos hábitats 4040, breixeiras secas costeiras de Erica vagans e 4040, breixeiras secas europeas. Xunto a eles, o grupo 82 de hábitats, pendentes rochosas con vexetación casmofítica, tamén presentes nos altos do extremo N. da unidade. O regueiro de Darbo achega bosques de ribeira, mesturados con especies exóticas na parte máis costeira. Cara a atrás, entre A Serra de Poente e Piñeiro, unha ampla e suave concavidade asenta masas ripícolas e de recolonización máis extensas.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

Os usos produtivos primarios desenvólvense principalmente no val do río Postillón, cun mosaico agroforestal de cultivos forraxeiros, froiteiros e viñedos e pequenas masas mixtas e de recolonización. Nos montes de Varalonga que enmarcan a unidade polo norte e leste, figuran as coberturas de masas de repoboación e mixtas (ao redor do curso do río Postillón con bosque de ribeira) e de matogueira litoral e de substitución, sendo áreas relegadas para os usos forestais. Ademais na lámina de auga próxima desenvólvese o uso acuícola asociado ás bateas de mexillón. A esta matriz hai que engadir os usos derivados do continuo construído e o aproveitamento turístico das praias presentes.

#### MORFOLOXÍA

O sistema de asentamentos desenvolveuse ao redor do val do río Postillón, ao pé dos montes de Varalonga e na chaira costeira de Darbo, resultando nun continuo construído diseminado. O Seixo, Cunchido, A Serra de Poente, A Serra de Nacente e O Piñeiro presentan unha estrutura lineal ao longo das vías municipais e crecements de natureza rural. Santa Marta e As Barreiras figuran como un diseminado de vivendas unifamiliares illadas desvinculadas das funcións rurais e urbanas, mentres que San Roque e Balea, ademais de certo crecemento rural, presentan un desenvolvemento de tipo rururbano, con servizos, dotacións e mestura de usos residenciais, comerciais e industriais, froito da expansión do núcleo urbano de Cangas. Non obstante, en Balea e na parte superior dos acantilados dos principais salientes instaláronse vivendas unifamiliares illadas.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A comunicación da unidade co resto do seu contexto realízase a través da estrada de titularidade autonómica PO-315, que conecta Bueu e Cangas. Para as relacións de comunicación dentro da unidade predominan ademais as vías municipais que conectan o continuo construído, e unha vía da rede provincial que pasa tanxencialmente polo nordeste da unidade, no núcleo do Piñeiro. Por outra parte, a pesar da existencia do porto da Congorza este atópase en desuso.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Na unidade existen evidencias da súa ocupación prerromana cos depósitos arqueolóxicos do asentamento, castro, castelo e petroglifo de Cimadevila no cumio da Garita. Figuran ademais o petroglifo do Lago en Piñeiro e o petroglifo do Laxe do Cristo en San Roque. Non obstante, a unidade destaca pola presenza de elementos do patrimonio industrial, todas eles pertencentes ao complexo de Cangas constituído en 1941, da emblemática factoría Massó. Trátase das edificacións hoxe abandonadas da antiga fábrica baleeira e do estaleiro do porto da Gorgonza, así como as da fábrica conserveira. A igrexa parroquial de Santa Marta é a única representante da arquitectura relixiosa.

## O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Predomina un carácter residencial máis asociado ao turismo en dirección á praia de Liméns cara ao oeste, e máis funcional urbano cara ao leste, resultado dos procesos de expansión do núcleo urbano de Cangas. Os usos agroforestais quedan reducidos ao fondo do val do río Postillón e presentan un carácter de autoconsumo ou de economía complementaria. A organización desta paisaxe parte do val do río Postillón para culminar na chaira costeira de Darbo na que desemboca este río. Así, polo norte as masas forestais e arbustivas das zonas altas e de maior pendente enmarcan o val, para diluírse nel formando un mosaico agroforestal. Pola súa banda, a chaira costeira é obxecto da urbanización diseminada, a partir dos núcleos tradicionais, ata o cume dos acantilados, sendo este artifice dese carácter residencial, tanto turístico como periurbano do núcleo de Cangas.

## DINÁMICA DA PAISAXE

En primeiro lugar produciuse un abandono das áreas de cultivo dos ámbitos que non eran tan produtivos e foron sendo substituídas por masas forestais mixtas aínda que con predominio das especies de repoboación. Non obstante, a dinámica máis transcendental foi o aumento da presión residencial, tanto de carácter turístico coa implantación de vivendas unifamiliares illadas especialmente na metade occidental da chaira costeira, cun leve incremento dos camiños ou a súa sección para dar servizo ás devanditas vivendas; como de carácter funcional urbano, froito dos procesos de expansión do núcleo urbano de Cangas, con crecementos en altura e a aparición de dotacións públicas como centros de ensino e de deporte. Por outra banda, produciuse un abandono das actividades industriais da emblemática factoría de Massó desenvolvidas no ámbito de Cabo Balea, no porto da Congorza.


## RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

## 3. AVALIACIÓN

### VALORACIÓN DA PAISAXE

Nesta unidade de Darbo aínda poden observarse mostras do aproveitamento agrario tradicional no val do río Postillón co seu mosaico agroforestal e a conservación do seu corredor de ribeira. Ademais, o perfil costeiro de acantilados baixos con sucesión de praias de area entre Punta Borneira e Cabo Balea, xunto ao singular hábitat de furnas mergulladas e semimergulladas nas zonas de As Barreiras-Punta Fanequeira e Outeiro-Balea, achéganlle os valores máis naturais á unidade, formando parte do contexto litoral da costa das Rías Baixas, e así da correspondente zona de interese para a avifauna, dende Punta Borneira cara ao oeste. Por outra parte perduran valores patrimoniais arqueolóxicos que evidencian a ocupación humana nesta unidade dende épocas prerromanas, pero os elementos patrimoniais máis característicos correspóndense coas edificacións do patrimonio industrial do complexo da antiga factoría Massó, vestixio dun aproveitamento industrial asociado ao litoral de identidade da península do Morrazo. A configuración do perfil topográfico da unidade, xera unha paisaxe con predominio da horizontalidade, tanto polo fondo do val do río Postillón como pola chaira costeira de Darbo, enmarcado no seu fondo escénico polos cumios dos montes de Varalonga e os montes de Serra Nacente. Selecciónáronse tres puntos de observación: un no Pico Garita, de 242 metros de altitude, e outro na ermida de San Roque, a 127 metros, dende os cales se pode observar o val do río Postillón e a planicie da chaira costeira de Darbo, e especialmente dende o primeiro, accédese á panorámica de parte das Illas Cíes, e do perfil costeiro da vertente oposta da ría de Vigo; e o terceiro, na Punta Borneira, dende o que ademais da panorámica anterior, se outea o perfil costeiro da unidade e dos salientes do resto do perfil da vertente sur da península do Morrazo.



## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Non se contemplan ámbitos de recualificación nesta unidade.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantís / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de identidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



